



## ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA O INTERCAMBIO DE DATOS E INFORMACIÓN (00-M-38-22)

### REUNIDOS

Dunha parte, José González Vázquez, Conselleiro do Medio Rural segundo o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94) polo que se dispón o seu nomeamento, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia en virtude das atribucións que lle confire o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e actuando así mesmo na súa condición de presidente da Axencia Galega da Industria Forestal, en virtude do establecido no artigo 12 do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos

E, doutra parte, José Antonio Campo Andión, Director do Instituto Galego de Estatística, actuando en nome e representación deste, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo Instituto Galego de Estatística e o Decreto 295/2009, do 14 de maio, polo que se lle nomea director del.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración e, na súa virtude

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** No Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27/05/2022) consta como órgano de dirección da Consellería do Medio Rural (en adiante, CMR) a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal (en adiante, DXPOF).

Segundo o disposto no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, correspóndelle a esta dirección xeral o exercizo das competencias inherentes á política forestal, desenvolvendo as medidas relacionadas coa planificación, ordenación, fomento, mellora da produción e conservación dos recursos forestais.

**Segundo.-** O Decreto 109/2022, do 16 de xuño, polo que se modifica o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura



orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, establece como unha entidades públicas instrumentais do sector público autonómico adscritas á Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega da Industria Forestal (en diante XERA), á quen lle corresponde no exercicio das súas competencias dispostas no Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia de usos forestais, especialmente na mellora da súa xestión sustentable, para entes públicos ou privados, en coordinación coa consellería competente en materia de montes.

A XERA é unha axencia pública autonómica que conta con personalidade xurídica propia e plena autonomía para a consecución dos seus fins e exercicio das súas competencias, podendo para elo colaborar con outras institucións e entidades que persigan obxectivos coincidentes de acordo co principio de colaboración interadministrativa.

**Terceiro.-** Que, segundo o disposto na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o Instituto Galego de Estatística (en diante IGE) exercerá, entre outras, as funcións de dirixir e coordinar a actividade estatística no ámbito competencial da Comunidade Autónoma, desenvolver bases de datos con información estatística de interese público e analizar as necesidades e a evolución da demanda de estatísticas en Galicia. O IGE tamén ten a competencia de elaborar o anteproxecto da lei do plan galego de estatística e os proxectos de decreto dos programas anuais que a desenvolven, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais das consellerías.

Por outra banda, o artigo 6 da Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026 prevé que o IGE elabore e manteña bases de datos sociodemográficas ou empresariais, a partir do enlazamento de ficheiros administrativos ou doutro tipo e cuxa finalidade será programar estatísticas mediante a súa explotación, garantindo o cumprimento da normativa sobre protección de datos persoais e segredo estatístico.

Así mesmo, de acordo co artigo 15 do Decreto 60/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o estatuto do organismo autónomo IGE, son funcións da persoa titular da súa dirección subscribir contratos e convenios, autorizar gastos, ordenar pagamentos, render contas e desempeñar cantas outras se lle atribúan por norma legal ou regulamentaria.

**Cuarto.-** Que o 23 de febreiro de 2021 o Parlamento de Galicia aprobou na súa sesión plenaria a seguinte proposta ao respecto da 1ª revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 "*Cara á neutralidade carbónica*": O Parlamento insta á Xunta de Galicia a ser máis ambiciosa nos obxectivos e medidas en materia de información e estatística forestal no Plan Forestal de Galicia 2021-2040. Neste senso, tentaranse incorporar actuacións na planificación estatística da Comunidade Autónoma para realizar estudos sobre caracterización económica e sociodemográfica do monte galego que permitan describir ás explotacións forestais, os seus titulares e a cadea forestal da madeira e doutros recursos forestais. Esta liña de actuación



esixirá dun traballo coordinado entre os diferentes organismos e departamentos da Xunta de Galicia con competencias na materia.

**Quinto.-** A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece, no seu artigo 14, que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para servir aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

**Sexto.-** A colaboración prevista neste acordo consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Tendo en conta o anterior, a CMR, a XERA e o IGE manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura deste acordo con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a CMR, a través da DXPOF, a XERA e o IGE para realizar un estudo sobre a caracterización económica e sociodemográfica do monte galego, que permita describir ás explotacións forestais, os seus titulares e a cadea forestal da madeira e, de existir información, doutros recursos forestais.

### Segunda.- Actuacións a desenvolver

A CMR e a XERA facilitarán a información procedente dos rexistros administrativos e sistemas de información da súa competencia sobre o sector forestal, que sexa necesaria para o estudo mencionado no parágrafo anterior, así como para as operacións e actividades estatísticas executadas polo IGE e programadas anualmente.

Pola súa banda, o IGE elaborará o estudo sobre caracterización económica e sociodemográfica do monte galego e, en concreto, comprométese a:

Facer unha aproximación da caracterización das persoas titulares forestais en Galicia. Para tal efecto, a CMR e a XERA subministraranlle información das referencias catastrais e persoas titulares declaradas, así como das características ou valores específicos en materia forestal a partir:



Dos instrumentos de ordenación e xestión forestal.

Dos aproveitamentos madeireiros.

Das axudas públicas para executar actuacións forestais, como repoboacións e tratamentos silvícolas (podas, rareos), entre outras.

Do Rexistro de empresas do sector forestal (RESFOR).

De calquera outra información sobre desenvolvemento dunha actividade forestal, ou que se atope inscrita no Sistema rexistral forestal de Galicia, creado ao abeiro do artigo 126 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Complementar a información das persoas titulares forestais, das súas explotacións e da actividade da cadea monte-industria en Galicia cos datos que proveñan do Inventario forestal continuo de Galicia (IFCG), desenvolvido pola CMR. Para tal efecto, a CMR e a XERA subministraranlle a correspondente información de referencias catastrais e persoas titulares, así como das características ou valores específicos en materia forestal, que permitan elaborar o estudo obxecto deste acordo.

Valorar a posibilidade de introducir preguntas específicas en materia forestal na Enquisa estrutural a fogares. A pregunta ou preguntas serán acordadas entre a CMR, a XERA e o IGE.

Introducir nos instrumentos de planificación e programación estatística da Comunidade Autónoma os resultados que se deriven desta actuación conxunta e se acorden coa CMR.

Integrar a información proporcionada nas súas bases de datos.

Así mesmo, desenvolverase calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a CMR, a XERA e o IGE, a través da comisión de seguimento establecida para o efecto.

A cotitularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente, será da CMR, a XERA e o IGE.

### **Terceira.- Financiamento**

Este acordo de colaboración non disporá de achega financeira entre as partes.

### **Cuarta.- Previsións de desenvolvemento**

Sen prexuízo do previsto na cláusula segunda, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e da concreción que sexan precisos, a través das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

En calquera caso, a CMR, a través da DXPOF, e a XERA, achegarán datos e recursos para que o IGE poida abordar a análise económica e sociodemográfica do monte galego. Deste xeito, ampliarase a oferta estatística do sistema estatístico público sobre o sector forestal, que se concreta na actualidade nas estatísticas 1105-01 Incendios forestais, 1106-01 Explotación do Rexistro de montes veciñais de man común e 1107-01 Producións forestais.





### **Quinta.- Vixencia**

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento no que cese o desenvolvemento de actuacións nel previsto e, como data límite, o 31 de decembro de 2024.

### **Sexta.- Comisión mixta de seguimento**

Créase unha comisión mixta de seguimento para atender o adecuado desenvolvemento do acordo, que terá entre as súas funcións:

Efectuar o seguimento no avance de cada actuación.

Resolver as posibles dúbidas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento das súas cláusulas.

Esta comisión mixta de seguimento estará formada por tres representantes:

En representación da CMR, a persoa titular da DXPOF.

En representación da XERA, a persoa titular da súa dirección.

En representación do IGE, a persoa titular da súa dirección.

Esta representación poderase delegar dun xeito expreso.

### **Sétima.- Protección de datos**

A CMR, a XERA e o IGE manifestan que coñecen e cumprirán a lexislación europea sobre protección de datos de carácter persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento deste acordo, no marco do disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e na súa normativa de desenvolvemento, en especial, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

A CMR, a XERA e o IGE responsabilizaranse tamén de que a información se empregue de xeito que a protección dos datos individuais estea totalmente garantida, quedando todas as persoas que participen nas actuacións que se deriven do acordo sometidas á obriga de preservar o segredo estatístico, segundo o establecido nos artigos 24 ao 28 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

### **Oitava.- Réxime xurídico e resolución de conflitos**

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DO MEDIO  
RURAL



AXENCIA GALEGA  
DA INDUSTRIA  
FORESTAL



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



## **Novena.- Transparencia e bo goberno**

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no acordo de colaboración e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia de Goberno Aberto.

E, en proba de conformidade, asínase dixitalmente o presente acordo.

O Director do Instituto Galego de Estatística  
José Antonio Campo Andión

O Conselleiro do Medio Rural e presidente da Axencia Galega da Industria Forestal  
José González Vázquez



Xacobeo 21-22

